

Eligio Rivas Quintas

Arte popular A talla de «Legoxo»

1. Os retábulos das nosas eirexas, as cadeiras dos coros e outras táboas en mosteiros e pazos, foron tallados en gran medida por artistas innominados, populares, cuia vida e obra constitúe unha longa interrogante. Aproveitamos a ocasión dun artista popular coñecido, pra nil e coil entender moitas cousas. E coido ser da meirande importancia os antecedentes ou comezos neste caso.

Xosé González Lemos, «Legoxo» como gusta de firmar (son iniciais de apelidos e nome ó revés) nace polo 1942 no Covelo, Xunqueira de Ambía. Alí medra ó marmurio da fonte de Pinguelos; auga pura de sarrio ó pé da caeira da Farria. Todo é paz de aldea e dos campos. Anos de neno aloumiñado pola natureza vizosa, labor e escola rural. O vivir petrucial dos devanceiros segue aínda e, por sorte, agarrado á terra nai que de todo dá, e sostén á xaramea con traballo. Curte a vida corpo e alma; terma a xentiña con dureza e tamén sorrí sen nunca chegar á gargallada. En tódalas casas hai labranza con facenda; cada veciño, una vez por semana, vai ó muiño. Á beira un ferreiro dos bós toca e martelea todo ó día e á noite. Algo máis alá hai un chanqueiro que canturrea, sen deixar, o alalá; pasa a costureira coa máquina á cabeza, pasa o home da carpenta, pasa un labrego coa xugada e asubía. Ven o tempo da sega, xa se aguzan as fouces. Hai alaboura coas mallas; cada cando quenta o forno. Xuntan o concello. O vrau, o inverno; a castañeira e a matanza. Logo o nadal, o entroido... A muller traballa dentro e fora; o neno ten que ir coa facenda e, cando pode, á escola. Unha vida sumida na natureza de fauna e flora e xeolóxica; o home é o director da magna orquesta. O que compre nesta escola é ter sensibilidade, alma de artista e xeito. É de agradecer que no Covelo aparecese quen o recolla e saibe reflexalo, xa que o noso mundo, o herdado dos devanceiros e que fixo á xaramea, agora, polos cincuenta, creba. Qué importante sería, coa súa fiel obra, deixar un verdadeiro Museo do Pobo Galego, non de muñecos senón de homes e mulleres, en maderia.

2. Non estou a facer literatura, que estou a dar razón dun artista, do motor e a obra. Non hai outra maneira de interpretar ó verdadeiro artista popular: mergullado nesa vivencia vibra en pena e gloria, e garda pra recrear e deixar

constancia. Nos longos días de monte e soedade, o silencio en medio da natureza arriquece a alma, que todo o que nos arrodea resultan ser acenos e sinais que descodificar, cheos de sentido. Aquí medra o artista que vai dentro. Unha navalla de cachas de pau e sortella era pra nós un tesouro naquiles días; os palitroques, unha madeira, unha chamada a darlle vida coa labra, faguerlle cara: un cichón, un tiratacos, una cachava zoomorfa, un pau con zaramoca, a billarda. Dos 12 ós 15 xa fai de madeira paxaros articulados, saltimbanquis que brincan, canastros retorneados que lle mercan a 30 ou 40 pts. Logo cruceiriños a 90 e 100. As longas horas trala facenda dan moito de sí e resulta tentador faguerlle decir algo á madeira que se deixa moldear. Compríalle mais ferramenta e axeitou a súa trencha e goiba. Así segue sen presa; e xa chegan os 30 anos sen que adur se lle coñeza como non sexa en Xunqueira. Non é nin ebanista, aínda que algún tempo atendeu un obradoiro. Nin se lle pode moi ben chamar a aquilo obradoiro, o dil; nin torno usa, e a ferramenta, moita e ella, é feita pola mau: trenchas, gobias, escoupres, macico..., que o que vale é saber mo-velas.

Un día, xa con 30 anos, aparece polo Museo e fala con D. Xesús Ferro Couselo. Sabe da súa afición e il dille da súa xa abondosa obra, moita en Xunqueira, outra no «obradoiro» no Covelo. Fálalle dunha táboa que fixera ós 14 anos, inspirada no que lles contara o P. Antonio ó lles ensina-la cartilla, do papa Pío XII que coidaron que morría. Veu á casa e tallou unha táboa con tódolos detalles, policromada e todo, que deixou colgada na cociña. O fumo deulle a súa pátina. D. Xesús fixo que a trouxese e armoulle a 1.^a exposición; gustou moito a táboa. Gustou tanto toda a súa obra que alí mesmo se vendeu toda, e mais que houbese. Foi posta de largo de «Legoxo», o espaldarazo. Foi perdendo o medo. Era o ano 1974. Il dí que o lanzaron os amigos, e ten razón, porque a súa natural humildade non deixaba salir de sí. Pero non deixou a labranza, que había longos anos que o era; o outro, a talla, era a evasión, un descanso e satisfacción da interior inquedanza. Nin tiña nin ten «escola» mais ca de primeiro ensino; nin tampouco negocio. Todo é de seu, por arte nativa; «cando labro non me lembro do diñeiro, é outra cousa». Así vai medrando pacientemente coil, sen res de escolas, estilos...

3. *Exposicions.* Deica os trinta Xosé González Lemos non era coñecido; non era o «Legoxo» que lle suxeriu un amigo por nome de artista. Somentemente en Xunqueira. Por abril de 1974 presenta a súa obra no *Museo Provincial de Ourense*. Son 20 tallas e esculturas, escudos heráldicos. Alí aparecen: *O tal da corozza, A matanza, Mallando, Muller coa ferrada...* Están labrados en buxo, castiñeiro, nogueira. Esculturas e tallas en relevo que amosan transparente creatividade, inxenua, non mediatizada. «Una de las exposiciones más gratas que hemos tenido últimamente», dixo un comentarista. Vendeu todo e un de León houbese mercado máis.

Ano de 1975. Segunda exposición: nos salons do *Orfeón Unión Orensana*. Baixorrelevos sacros, táboas con ricas escenas rurais, cadeiras cunha rica decoración significativa, arcaces historiados... Louvase a súa espontaneidade en tallas frescas e acabadiñas, populares, feitas con amor.

En xullo de 1976 expón en *Santiago* con outros artistas, en *San Martín Pinarario*.

1977. É a terceira exposición, por marzo, no *Liceo Recreo Orensano*. Son as obras expostas 21: sete esculturas en buxo, catro baixorrelevos, xarriñas en buxo de asa zoomorfa e rica figuración alusiva, pratos e escudos cincelados, dúas pinturas inxenuistas. Ven coa mesma sinxeleza de sempre, pero máis arrequecido e seguro, sempre arreigado no fondo terrón xerminal. Tan fiel que é preciosista, sen moita conta cos canons ós que supera a inspiración. «Eu fago as cousas asegún me san».

1982, a 4.^a exposición, con outros artistas, co gallo do día das Letras Galegas. É no *Centro de Formación Profesional de Allariz*. Son novidades importantes *O carpinteiro* e *O velliño fumando*. Na decoración tamén é perfectamente fiel á terra: folia de carballo e belota, de castiñeiro...

En 1985, 5.^a exposición, faise na *Escola Universitaria de E.X.B. de Ourense*. Vemos: *A muller mazando o leite*, *Os titiriteiros*, *Os músicos*, *un tríptico*, un peto con baixorrelevo, un Cristo, cruceiro, xarras de madeira decoradas. Fondas vivencias plasmadas con tenrura, cheas de poesía.

Durante o ano 1988 está preparando obra. Soña con expór en Vigo, en Coruña, en Barcelona, Madrid...

A súa obra, toda mercada, e moi disputada, está hoxe moi dispersa e espallada. Prá faguer unha nova exposición ten sempre que volver empezar; sempre é nova. Os primeriros traballos foron prá vila, prá Xunqueira; bastante en Miraval. Outras están en Allariz, Maceda, Xinzo de Limia; un bo número en Ourense, en Coruña, Asturias, León, Salamanca, Madrid, Barcelona, Venezuela...

4. *Legoxo tallista e escultor popular*. Antes de cada talla, Legoxo fai un pequeno boceto; vaille dando forma progresiva deica chegar. Ten un concepto artesano la plástica, mais de feito vai moito mais alá da forma anque tan acabada, pois aparece a alma. É de agradecer que así sexa, xa que tamén hai arte que non é mais ca eso. Os valumes e difuminos son universais, non individualizan; poden ser de calquera parte. Se hoxe sabemos dos instrumentos, da indumentaria... medievais, é por estaren nidiamente constatadas nas iluminuras das Cántigas e no Pórtico da Gloria. O arte abstracto é subxetivo, sen dado concreto, interpretable por un vidente en trance en calquera parte, e de todas. E dase o caso que o mundo camiña a marchas forzadas cara aí, cara a despersonalización, cosmopolitismo. Estamos moi a piques de deixar de ser nos. Por eso é que valía ben a pena xuntar toda a obra de «Legoxo» e faguer

un Museo do Pobo Galego; coido non termos artista algún que reflexe tan plasticamente os tipos, individualizados, da nosa sociedade patrimonial, da xaramea, corpo e alma. «Retratos de homes e mulleres da terra, que coñecemos», di un crítico. Os tipos de Legoxo andan por aí, mais vanse acabando, van morrendo dende os anos cincuenta. Un tempo que non volve; unha xaramea en perigo de se perder. Legoxo, con inxenuidade non contaminada, non sofisticada, plasma a súa vivencia; en parte plásmase a sí mesmo. A impronta é persoal, é do pobo do que non saíu. O que hai aí son homes e mulleres e nenos que aínda andan pola carreira, ou que anduveron deica onte. Que van por auga á fonte do Pinguelo, que cocifian na lareira á luz do gancio ou do candil, que acomodan a facenda levando o farol e o baldo... O de acotío ten pouco de monumentalidade; un ir e vir ollando cara dentro tanto coma cara fora, guarranto coa vida que curva os corpos. Termendo cos traballos que fan madurar as almas; todo o mais, un leve sorriso. ¿Qué vai faguer o artista, que é un diles, senón, «deixa-los abeños, apaña-la navalla», a gobia, e decilo? Tamén é froito dun longo madurar. Cadaquén temos as nosas cualidades, e esta é moi rara, ventureira. Pro caso mellor é non saber de técnicas, que sen querer deixaría de ser auténtico, tería reparos en presentarse, disimularía ou falsificaría con mais arte. A diferenza vese ben cando se trata de labrar un Cristo románico.

Legoxo di que lle gusta Buciños, que lle gustan outros; que admira ó mestre Mateo e a Miguel Anxo. Mais il segue coa súa, e fai ben, que cadaquén ten que realizar *a súa* obra; o demais sería allerarse. A forma de traballar de Legoxo é popular, inxenua; preciosista, con crara delectación, no que é de fábrica, na suntuaria, coma ourive en campaña. É buido cando de flora se trata. Ó retrata-la persoa a confrontación é de tosquidade natural, que a vida é dura e aflora a alma; así é a realidade. «Non aprendín con ninguén» lle temos oído decir; algo, a usa-la ferramenta, daquela que pasou pola capital ou a vila. Legoxo é autodidacta, mellor, pura expresión, honesto e transparente. A calquera hora pode decir: «Esto é meu». E aínda que non dixese. E non é mesmamente un artesán da madeira, que nunca o tuvo por oficio e nin xiquera ten torno. Legoxo é unha secuencia, desenrolada, do seu faguer coa navalla; de neno xa. A súa creatividade aparece mergullada por partida dobre no mundo rural, na terra. Son inspiracions-vivencia íntimas plasticamente expresadas na forma. Segue sendo labrego escultor, tanto coma escultor labrego; que leva cada semana o seu fol de millo ó muiño da Ponte de Pedra e, coa mesma, talla unha muiñada en todo o seu proceso. Que usa o sachó e a fouce cada día, ises que levan *O da coroz*a ou *O velliño do burro*; e o chapeo, o barril, as chancas desamalloadas... Unha cousa e ver o mundo á beira e outra é vivilo por longos anos; e, craro, compre sentilo e sabelo expresar, que aínda son menos. E tamén é ben de agradecer que, botada a lebre pola sona, non caese na tentación de crelo e de querer aprender a faguer, coma os demais, nunha *aca-*

demia. E derramarse ou derramar o arte *seu*, o popular. É humilde, pero tamén de carácter, que non se domeña.

Non é que non sexa moi bo domeña-las exquisiteces do arte, senón que os auténticos de ida poden non sélo de volta; eu diría mais, non poden xa sélo verdadeiros máis nunca. Será arte popular, mais que se atén a algo e ten conta con algo, non pura expresividade sen reparos. O que ganan en arte é universal, non individual e propio. Legoxo é inxenuista de fonda inspiración artística, coa que empezou; esa condición pode encubrir mesmo a falla de canon. O mesmo Faílde, de volta, aparece cun popularismo estudiado, mesmo que se coce co infantilismo; do artesanismo pasa polo academicismo e, a posta, volve a un primitivismo por forza tasado. En Legoxo o popular segue tan transparente como que segue a trampa-la condición de artista e a de labrego, sen abandona-lo medio. Díxose dil na primeira exposición que fixo, que era «un artista puro, incontaminado, sen tendencias», e por elo *incomparable*. Pode ser nimio, preciosista nos encaixes coma un principiante, por inxenuo, mais non ten nin res de infantil, que o que reflexa é realidades vitais, e a vida é seria. Leda, triste, resignada; un termar coa circunstancia que, se sorrí, non chega á gargallada; queixadas caídas e unhas bágoas caladas, mais non se regota. Non é doado chegar ó fondo destas almas, desentraña-la profunda e complexa persoalidade da xamea nosa; senón, que o digan os sicólogos. Presencia e ausencia; realidades próximas e transcendentales. Pois eu coído que deica aí chega o noso artista, aínda que co arte non chegue onde outros chegan. Un drama vivencial representado en madeira; os tipos populares son de corpo e alma, están en acción e falan sen palabras con maus e pés, cos seus corpos e súas caras. Algún me ten dito que lle gusta moito a súa talla, mais as caras... As caras son as de diario, as reais; podían ser outras, suxeitas a canon, ideais, pero non verdadeiras ou auténticas, falsas. Mais entón non debía haber traballiños cos que termar; e ser a nosa xamea outra tamén. Entón luovarían a exquisitez, o equilibrio clásico, mais non preguntarían: «¿E ló, quen é iste?», porque non hai sofisticación nin manipulación. Di ben o Legoxo: «Eu quería faguer vivir á madeira», coma unha reanimación ou trasvase. O artista ten inspiración de abondo e a vida en torno por il asumida e sentida, depositaa no cepo ó que lle tira o que lle sobra. Por eso é que a súa obra, chea de significado, conmove por enxebre. Corazón, arte e poesía, con mau coidadosa, sensible e paciente. Alvarado considérao «verdadeiro artista do escoupre e da gobia, que consegue faguer da madeira carne e oso cheo de beleza, emoción e sentimento popular».

Se a volta ó popular inza a partir de Brocos polo cabo do XIX, a recadén dil segue unha boa xeira de adictos ó sistema: Asorei, Faílde, Eiroa, Baltar, Bucifios, Acuña... Os mais proceden da plástica dos canteiros; Faílde labra, coma fino barroso, ménsulas e capiteis. Istes sí que proceden da artesanía laboral e logo aprenden dun mestre unha técnica, aínda que procuren manterse

ou volver ó propio. Xa dixemos que non é o mesmo. Legoxo, ademais de non ser home da pedra, non emparella cos outros por non sofisticado, por espontáneo. Fáilde reflexa tamén a alma popular, mais ten escola, e ó tela non crea individualidades; son grupos encantadores, de alma inxenua, infantil, populares, mais sublimados deica repetirse. Os valumes son rebuscados, adrede, calculados, estáticos. Está lonxe a mau callosa, que alterna co cincel e o sacho; sabe a distancia tasada á que se pode arredar sen mingua. Legoxo está onde estaba.

5. *Relación de obras:*

- 1) *Escultura: a. Tipos populares; b. Cristos*
- 2) *Tallas: a. Trípticos; b. Petos; c.- Táboas*
- 3) *Suntuarias: Cadeiras, arcaces, escudos, xarras*

1) *Esculturas: O tal da corozza - A galega da fonte - A galega coa ola - A nai e os nenos - A hermana e o neno - A muller co peixe - O vello e o cigarro - O carpinteiro - Muller mazando o leite - Vello en burro - O monaguillo - O peloqueiro - A pantalla - Grupo de músicos - Grupo de titiriteros - O chanqueiro - O mallador - Dez Cristos, todos románicos non sendo tres: O Cristo de Santiago de Allariz - O Cristo barroco de Ourense - O Cristo vivo de Almoite.*

2) *Talla: Trípticos: da S^a. Mariña - da Asunción - da Piedade.*

Petos de ánimas: retabuliños, petos de pedir.

Táboas: A morte do papa - A matanza - Muiñada - Pulpada na feira - Pisando as castañas - Na forxa - Na carpintería - A malla

3) *Suntuaria: seis cadeiras, arcaces, dez escudos, moitas xarras, outros.*

6. *Estudo das obras:*

a) *O tal da corozza.* Hai dúas esculturas en buxo; unha en Ourense, outra tena o autor. De 80 ctms. de alto, dunha peza. O home vai embrullado coa corozza, con carapucha e polainas; empuña coa dereita a aixada, coa esquerda a fouciña nova do trinque. Aquela toda exenta. Todo está labrado en cada freba de xunco, bías, nós e lazadas, incluso o rabiño da carapucha. Leva chancas. O trato da corozza é moi persoal. Camiña o home atafegado que non se lle ve mais ca cara; semella ir decindo a quen ouza «A min, que chova».

b) *A galega da fonte.* Moi representativa. Ven a muller da fonte coa sella, ferrada ou balde, á cabeza a bo paso. Ampara a vasilla con entrámbalas maus. O vaciado é completo e as extremidades de todo libres. Leva pano á cabeza, atado ó desgaire, e rolla. Na toquilla cruzada vese o labor de gancho; o cingui-deiro, moi rameado, cai con gracia. Na sella aparece tallado, en baixorrelevo, un mozo que leva algo nas maus; as asas son dous gatos. A moza, de bo ano, vai decidida.

c) *A galega coa ola.* Ven ela da fonte coa ola á cabeza, que ampara lixeiramente coa dereita. Coa esquerda ampara a cabeza do neno, que leva o seu barril na mau e a outra no bulso. A roupiña do neno semella de garda, que a

non sabe levar coma a de a cotío. Mellor leva a nai o seu pano de cabeza, anoado; labrada toquilla o mandil ou cinguideiro. Son caras anchas, de pan enteiro, saudables.

b) *A nai e os nenos*. É unha maternidade chea de tenrura; vai cáixeque toda a familia. Leva a mais pequena no colo, coa dereita, e aínda lle sobra mau pra amparar dun pé ó cativo que leva ó chico e que se agarra con ámbalas maus á súa fronte; e vai rindo no alto. A nena mais velliña vai ó dereita da nai, e como parece que non quere andar, a mau que lle quedaba libre á nai, anque é a esquerda, colle como pode á pequena pra que se non arrede.

e) *A hermana e o neno*. Hermano-a por aquí dinlle ó pobre que anda a pedir. Pois é unha hermana que vai pedindo; ata leva unha moeda na mau que di que é de 50 ptas. das de Franco. A muller leva pano á cabeza (toda-las mulle- res o levan) naturalmente derribado con natural nozada. Leva un pano mantón vello de gran flequeira con que acocha unha meniña de cara redonda coma a dela, atafegada que non se ve mais. Andando, agarrado éla, vai o neno xa grandíño, portanto na outra mau o serón de esmola. Leva chancas de cachoto, como di o P. Crespo. Na peaña firma, coma nas demais, «Legoxo», 1976. Foi para León.

f) *A muller co peixe*. Ela, de blusa e toquilla, sempre con mandil, ven satisfeita coa banasta á cabeza chea de peixe. Na esquerda leva un serón con peixota. O pano á cabeza, moi ben realizado, recóllese atrás na covatiña. O tecido do serón e da banasta é minucioso. Todo vaciando, mesmo as asas do serón, as pezas das chancas, mallós... Cara redonda, sana.

g) *O vello do cigarro*. É unha escultura moi expresiva, que plasma perfectamente o momento despreocupado de botar un pito, armado de chisqueiro e mecha, xa chupando. Dedos curtidos, gorra vella; chaqueta e pantalón coas súas lorzas, tamén en descanso, arrimado unha perna, a remesuco totalmente excavado. Aínda fican vellos distes, os nosos. «Eu xa traballei ben; agora que traballen os netos». Está en Ourense.

h) *O carpinteiro*. O home anda á carpenta e vai cara o traballo coma cada mañá, satisfeito, perdido o pensamento. Podía ser fillo do vello de pau a cesta de carpenta ó hobreiro, coa esquerda; na dereita, colgando e agarrada da mau, a garlopa. Todo está traballado independentemente, exento, o que supón un esforzo de labra enorme, e arriscarse ó non disimular res. É unha das tallas mais logradas, coma a do vello, pola anatomía, o movemento e a expresión. Deus sabe qué contas il irá botando, qué ilusions. «A vida, despois de todo, ben se leva». Está en Maceda.

i) *Muller mazando o leite*. Cola ola do leite ben preparada e apoiada a cunca coa esquerda, inclinada, dalle ó mazarelo coa dereita. Está ó que está, o pano á cabeza en punta, ben anoado, e toquilla de todo labrada á gancho. Roupas longas, deica os pés. Séntase nunha mesíña, todo excavado. Cara re-

dondeada, desas que andan pola carreira. As nosas mulleres levaban sempre pano á cabeza, toquilla e cinguidiero. Está en Ourense. 1984.

l) *O vello en burro*. Vai a cabalo do seu burriño, que ten que engruñá-las pernas pra non bater cos pés no chau. Primitivismo inxenuo no animal. O homiño, cara chea e sombreiro de palla ben tecido, de chaleque por ser de vrau, vai coa fouciña na mau dereita, co fío pra baixo como dicta a experiencia; algo inclinado polo peso dos anos. Os novos xa andan na leira segando; total il vai lle levar unha augiña fresca e faguer que fia esbeirando unhas silvas. Todo ben excavado e exento; o arricaque, con albarda e todo, esquemático, toско. Foi pra Ourense.

m) *O monaguillo*. Son varios os que ten realizado o artista, todos semellantes, como eran os da Colexiata cando se endomingaban con capisaios. Leva o peto das ánimas e vai pedindo pola eirexa. Están espallados.

n) *O peliqueiro*. Tamén fixo xa dous. O que describo está en Laza, donde é o peliqueiro que representa. A indumentaria é asegún manda a tradición, puntualmente axustada ós canons; carantoña e na cabeza mítera con testa de touro brabo. Traxe barroco, estilizado, con rico pantalón de volantaría de fino encaixe e milfeira; chalina longa, ambas maus armadas de senllos pelicos bochudos cos que zorregar. Iste traxe non debe de pasar do XVIII. Firma Legoxo. 1987. Outro peliqueiro está en Xunqueira de Ambía. Tamén ten Legoxo dúas *pantallas*; unha en Xunqueira de Ambía e outra en Xinzo de Limia onde corre no entroido. Coma no caso derradeiro, polo obxecto, é inexpresivo, teso, pura aparencia. O traxe, tamén, unha suma de elementos diversos: chocas ben resaltadas, exentas, arredor da cintura, e bixigas inchadas en cada mau, o propio; faixa tradicional; polaina e zapato de coiro, casco guerreiro sobre a carantoña, e sobremangas de gala dalgunha orde de cabalería. Unha, ó menos, é de 1987.

ñ) *Grupo de músicos*. Grupo folklórico de nove, cada un ó seu, coa debida expresión; nada sofisticado, realista e representativo. Caras cheas, alegres ou atentas ó que fan, cos ollos cerrados. Zanfona, violín, cedra, flauta, vello acordeón; tamboril e bombo, pandeireta e gaita. Traxes típicos variados, individualización física xenerosa.

o) *Grupo de titiriteiros*. Foi feito pron home de Teatro, que o conserva. Visten de variada farándula, acorde ca súa finalidade; van polos pobos, homes e mulleres, e todo é risa.

p) *O chanqueiro*. Levouno un que sempre se adicou ó coiro; está en Xunqueira. Sentado no seu taborete de tres pés, todo exento, co seu mandil de coiro sobre o chaleque e faguendo aba, ten entre maus unha chanca das de cachote. Ten as maus defendidas coas manoplas, e labra. A cabeza redondeada; está de bo ano, con pucha paragüeira. 1975.

q) *O mallador*. Cara de lúa chea, sudorosa, con sombreiro vello de palla e o mallo ó ombreiro, en lance. As mulleres déronlle a volta ó eirado e il, cos

outros, volve ó trelo. De medio corpo arriba vai nú de todo; a camisa en forma de rolla arredor da cintura e con abarcas nos pés. Tan traballador que o pértigo dependura libre xonguido á manguera cada unha das pezas coa súa casula. As riscas do pantalón e as lorzas, dan idea de ser de dril: ¡«Eí ven ovella!»». E xa están zuopando.

Deixamos citada aquí unha boa representación de escultura de *Tipos populares* de Legoxo. Poucos materiais haberá tan nobres e propios pra plasmar o ser da nosa xente. Trabes de castaño, curadas ó fumo de centos de anos na casa petrucial; buxo de ata trinta ctms. de groso, de 300 anos, que coñeceron o rumbo dos pazos e o seu esmorecer. Nogueira escura de distintas tonalidades. Todo da casa. Tamén esas madeiras van desaparecendo día a día, cos vellos.

Cristos. Xa colleron sona os Cristos de Legoxo, amén de ser significativo, na nosa imaxinería contemporánea e aínda moderna, o feito de tallalos. Son xa mais de dez e anda con algún entre maus nistes momentos. Xa dixen que o artista popular, se o non pretende, labra un Cristo románico ou barroco; iste é o popular, aquí primitivo, estilizado pola trascendencia. Os Cristos románicos de Legoxo, como non podía ser menos tratándose dunha idealización medieval, son estáticos, intemporais, superiores coma una símbolo vivo trascendente, inquisitivos e omnipresentes. A ollada fixe penetra deica os angumiños; o fiel devoto, a humanidade, non ten outro centro, queira ou non, porque é rei e xuíz soberano, sen tempo, cheo de maxestade.

a) *O Cristo de Allariz.* Está na eirexa de Santiago, presidindo o altar mor. Fíxose no ano 1985. O artista inspirouse en tres: no Cristo de S. Salvador dos Penedos, á beira de Allariz; no que hai na catedral de Ourense, e nun francés, todos románicos. Trátase dunha síntese persoal, tan ben lograda que xa mais dun señor profesor o ten ensinado coma modelo auténtico medieval. Os críticos, así Filgueira Valverde, consideráno «peza exemplar». É de madeira de castiñeiro crara, lixeiramente policromada con tona tostada. Mide 1,60 de alto, e a cruz 1,50. O INRI e os cravos, xebrados os pés, son de nogueira incrustada. Está coroado de maxestade. Nin res se lle escapa da ollada inquisidora. A mística non ten conta coas formas. Hai na Allariz outros 2 Cristos románicos de Legoxo, e un barroco, de dormitorio.

b) *Tres Cristos románicos de Ourense,* en dormitorios; e un que foi pra Madrid. Son tablas en buxo de 0,40, sobre cruz-árbore. É unha interpretación persoal, máis estilizada a cara ca no Cristo de Allariz. Ben tratados os panos; finamente a cruz, cáixequese esenta. Son Cristos vivos, non traspasados aínda pola lanza de Lonxinos. Semellante éstes é o Cristo do tríptico chamado de Santa Mariña.

c) *Cristo barroco.* É un barroco persoal, vivo pero paciente, de aspecto tosco nada mitificado. Trata os panos con naturalidade. Sobre cruz redonda,

de tres cravos, leva INRI en galego (X.N.R.X.) incrustado de nogueira sobre buxo. Pra Ourense veu outro Cristo vivo semellante ó de Almoite, de dormitorio.

d) *Cristo vivo de Almoite*. É de 1988, de madeira de castaño moi curada, de tres cravos sobre cruz redonda. É un Cristo persoal, natural, popular, vivo; semella un Velázquez de Legoxo, interrogante. Delicado o labrado de cabeleira e coroa de espiñas, panos, etc. Cravos e INRI son incrustación de nogueira. Ocupa un vano no lenzo de parede norte da eirexa de conxunto penitencial. E efectivamente o Cristo inclina suavemente a cabeza, con expresión de benignidade interesada. É unha gran obra da imaxinería popular galega; unha gran talla.

Trípticos. Compre sobrancea-los trípticos de Legoxo, pequenos retábulos completos en sí mesmos, cheos e unitarios ó mesmo tempo. Anda agora a voltas co cuarto, con Cristo coma figura central. As figuras son reais, nada sofisticadas, mais elevadas de plano, sacralizadas e cun tanto de hieratismo; menos expresivos cos tipos populares. Ocupan lugar segundeiro os anxos que cobren enxutas e recantos. Os símbolos e a decoración integrante, son os da terra, o mesmo cos santos. Madeiras de buxo, castaño e nogueira, tamén en combinación. Todos pechan en urna.

a) *Tríptico de Santa Mariña*. Leva o nome por ser esta santa o motivo principal. Está en Xinzo de Limia, presidindo un dormitorio. No conxunto é de 0,80 cms. de alto por 70 de ancho, labrado en baixorrelevo. A placa central repártese entre un Cristo de tipo románico e Santa Mariña, padroeira de Xinzo. O coroamento, fixe neste caso, en arco de medio punto. Nas portiñas, nunha S. Rosendo, noutra Santiago peregrino. O fondo sobre o Cristo, forma unha cónchega en aureola, cinguida por arco de corda; ramallo de carballo con belota nas enxutas. S.^a Mariña, con coroa, leva palma de victoria e a cruz, e de peaña unha cabeza de anxo. Folla de castiñeiro nos capiteis. Na mítera do S. Rosendo vese o escudo do antergo reino de Galicia. É curioso que sobre do arquiño enmarcador aparezan dúas vieiras, mentras que sobre o apóstolo se ven follas de videira. Os esteos son salomónicos. O basamento, imitando peito, leva cabezas de anxo nos cantos; escudo de Galicia e de Xinzo xebrados por follas de carballo. É do ano 1985. De corte popular barroco, non sendo o Cristo.

b) *Tríptico da Asunción*. Barroco, ou mellor popular de Legoxo. Está en Maceda. Todo é realista, gardando as distancias impostas polo respecto sacro. Presídeo a Asunción de Nosa Señora o ceo, sobre volutas coas que gurrán anxos coma nun xogo infantil agarrando das puntas dun lenzo, ó que axudan outros dous coa puntíña dos dedos; todo enmarcado entre columnas lisas con arco. Nas enxutas, ramallo de carballo e belota. No pequeno frontón triangular, que pecha, dous anxiños sotén unha coroa imperial. Nas portiñas apare-

cen anxos; nunha, de pé, tocando a gaita e outro encollido na enxuta, con flauta. Noutra, tocando o bombo, ó que corresponde na enxuta, encollido, o que toca o tamboril. No basamento, especie de peto, tres escudos: o de Galicia flanqueado polo de Ourense e X. de Ambía. 1980.

c) *Tríptico da Piedade*. Ningún dos trípticos de Legoxo é igual, nin xiquera na forma. Iste está tallado en nogueira, con relevos de buxo. O centro, acobillado baixo arco de medio punto e columnas salomónicas, o mesmo cas figuras laterais, está ocupado por unha Dolorosa con Cristo morto en brazos, ó pé da cruz. Nas portañas: María Madalena cun boto de áloe, e S. Xoán Evangelista; sobre ambos, senllos anxos de xionllos, un con cálice, outro con candea. Coroamento rameado, que pecha, con dous anxos que sostén o X.N.R.X. incrustado en buxo, e a coroa de espiñas. No basamento símboloxía da Pasión de Cristo. O parco adorno é de folia de carballo e castiñeiro, belota e ourizo. Tríptico dun gran equilibrio.

Táboas. Trátase de paneis monográficos, descriptivos, dunha gran riqueza e realismo, con escenas de vida rural. O seu valor etnográfico é grande por reflexaren, plasticamente e con gran forza, fitos populares ó longo do ano. Son coma páxinas dun libro aberto:

a) *A matanza*. En catro tempos: Sacrificando o porco, todos agarrados él; o porco dependurado e aberto; a desfeita e a chourizada. Foi pra Barcelona. *A malla do pan*. A xente distribuída na aira, cadaquén na súa alaboura; a meda e ó pé o eirado coa més tendida, os malladores cos mallos, levando a palla, o palleira... Está en Ourense. *A feira*: A pulpeira con seu caldeiro, tesimalas, pratos; xente comendo, feirantes.... *A muiñada*, que foi pra León: o burro co caso, levando o saco á moxega, dentro do muiño... *A forza*. O ferreiro a e xunca, martelos; a pía da calda; a forxa co lume e os foles, ferramenta preparada... *Carpintería*: banco da carpenta, ferramentas, mobles feitos...

b) *A morte do Papa*. É esta unha táboa excepcional. Di Alvarado que «recuerda a los mejores tallistas imagineros de tantos retablos de iglesias gallegas del barroco». É unha táboa de nogueira o panel; enmarcada por columnas salomónicas e arco románico de corda e axedrez, en buxo. Xa dixen a recadén cal foi o seu precedente, feito cando o artista tiña somente 14 anos. A escena aparece na alcoba do papa, artesanada con sensación de profundidade real e con tódolos integrantes da realidade: cama co doente, mesiña de noite, alfombras, crucifixo á cabeceira, bargueño, armario, cadros, parte lateral, lámpada que colga do artesanado... Coma se houbesen apartado a parede frontal, todo está visible; no que sería o frontón, a gloria celestial, escena dun gran equilibrio e perfección: S. Pedro no medio coas chaves, agardando; ós lados duos anxos gaiteiros en acción; nos extremos anxo con bombo e anxo con tamboril, respectivamente; todos sobre volutas. Dentro na alcoba: o papa semincorporado coas maus xuntas, solideo derribado e anteollos; abofellas

que se asemella. A cama está tan retorneada como se fose exenta, con símbolos papais nas banceiras, igual cas alfombras no chau. Á beira a mesiña cunha biblia. De pé, á beira da cama, o Sagrado Corazón de Xesús. A colcha é un puro traballo de encaixe e gran milfeira; ós pés, dous anxos, un por cada lado, ofrecen, un unha coroa, outro a palma da victoria. Ó fondo hai un bargeño cun floreiro e dúas candeas, e espello; un armario coas súas portas decoradas; un percheiro do que dependuran as vestiduras do papa; na estola as armas pontificias. Nas paredes dous cadros: fronte ó papa a aparición de Fátima coa danza do sol; de lado, a Asunción de Nosa Señora cuio dogma él declarara. A gran porta lateral amosa as cortinaxes recollidas. A tiara e as chaves están talladas á cabeceira do papa. Excelente táboa, en estilo popular sacralizado respetuosamente, fiel á realidade, personal; nimio no adorno. Está en León. *A suntuaria*: En torno á xente, á xente do pobo, están os seus trebellos de alaboura, mais tamén non deixa de haber algún que outro obxecto que podemos chamar *suntuario*. De tódolos xeitos Legoxo, aínda nistes casos, ten aproveitado os espacios pra plasmar, coma nas táboas, escenas rurais. Son obxectos de uso ou de adorno; en todos aparece, e con forza, o mundo rural. Xa vimos cómo se aproveita na cama do Papa, pra plasmar, coma se fose a propia tecedeira co seu tear, urdime e tapio, cenefa e flequeira; e casa moble e alfombra..., que son tratados coma enseres de por sí, sen lle fuxir a nada. Brosla e recama con ganchiño, como ourive en campaña que non hai máis que lle pedir. Se as persoas, mesmo sacralizadas, son trasunto dos veciños da aldea, as representacións son escenas coa xente en acción, e o adorno os follatos que dan sombra. Así pois:

a) *Cadeiras*. Están en algún lugar en Ourense; son de levante, coma de coro conventual. Nos paneis van talladas escenas de *pisa das castañas*, da *feira co pulpo a pulpeira*, do *viño do Ribeiro*, da *muiñada co burriño e o seu fol, muñeiro e roda*, etc. A intrahistoria do pobo no máis típico.


b) *Arcaces*. Hainos en Xunqueira de Ambía e en Ourense. Tamén nos paneis van talladas escenas de gran plasticidade rural, follaxe de carballo e de castiñeiro, etc. Son de madeira de castaño.


c) *Escudos*. Leva feitos unhos dez, grandes e pequenos, de Xunqueira de Ambía os mais. Perfectos, equilibrados, buidos.

d) *Ánforas e xarras*. Destas son xa infinidade, espalladas por España e mesmo América. Son de buxo; aproveita as asas que convirte en zoomorfas: lagartos, saranaduxas, o can, o gato... No espacio curvo, algo relacionado con uso. Se pra auga: xente que vai á fonte con ola, barril, bandexa á cabeza... Se pró viño, pode aparecer o deus Baco con uvas, coreado por gaiteros. Se pró leite: a muller con canada munguindo a vaca e alguén que terma dela que non coucee, co vitelo á beira, etc. Tamén lle teño visto serpes en manillas de porta e portas decoradas con florons.


c) *Cruceiros*. Son pezas pequenas, de *souvenir*, de 0,25 a 0,30, pra dormitorios, mais completos na súa figuración e historiados e con relevos. Ten feito un bo número diles e atópanse moi dispersos, deica América.

f) *Petos de ánimas*. Nesta faceta ten algunhos petos de pedir, tallada a súa pantalla coas ánimas do purgatorio. Máis importantes son os dous retabuliños, agora rematados, pro petos de ánimas que hai en S. Pedro da Pena e en Trandeiras, dos que hoxe, non fica senón a fábrica, monumental como adoitán no sur de Ourense. Son istes de frontón á maneira clásica. Os petos de pedir que dixemos, xa se entende que son os portátiles; istes son de camiño.





2. Legoxo. Crucificado. Almoite.



1. Legoxo. Crucificado. Allariz. Iglesia de Santiago.



3. Legoxo. Tríptico da Piedade.



4. Legoxo. A galega coa ola.



5. Legoxo. «O vello e o cigarro».



6. Legoxo «O vello en burro»